

# O galo

Eu teño un galo galeiro,  
boa crista e bo esporón.  
O meu galo é fachendoso,  
arriscado e pelexón...!

Eu teño un galo galeiro,  
que ten a crista encarnada,  
polainas con media branca  
e peituga colorada.



Eu teño un galo galeiro,  
fanfarrón e presumido.  
Anda con paso seguro  
e co corpo moi erguido!

Eu teño un galo galeiro  
que me esperta ao mencer.  
Cando canta, no poleiro,  
téñenlle que obedecer.

Manuel María

pr pl br bl cr cl ar al fl tr dr

# O caracol

Sae de paseo  
o caracol  
na primavera  
cando vai sol.

O caracol  
anda amodiño  
e fai de prata  
un carreiriño.

O caracol,  
ande o que ande,  
non chega tarde.

Ana M.ª Fernández



## Obradoiro

1. Colorea o galo e sinala estas partes.

- crista
- peteiro
- peito
- esporón

